

# MUSEO UNIVERSITARIO A DOMUS DO MITREO

Material didáctico ESO



MUSEO  
UNIVERSITARIO  
A DOMUS  
DO  
MITREO

## O lecer en Roma

Os cidadáns romanos, incluso os máis humildes, tiñan moitas opcións para empregar o seu tempo libre. Ao rematar a xornada, nun día corrente, era común visitar as termas ou organizar ceas de amigos. Nos días especiais as autoridades ofrecían impresionantes espectáculos.

- Fai clic **aquí** para ver un vídeo sobre o lecer nas termas.

Como se chama a zona por onde se entraba ao edificio?

En que sala se atopaba o vestiario?

A que temperatura estaba a piscina desta sala?


Como se quentaban as termas?

Cal era a sala máis amoblada?

Que se facía nela?

Para que actividades se usaban as termas ademais do aseo?

- Completa o nome das salas que faltan.



### OTIUM

Era o tempo libre que quedaba tras terminar as tarefas diarias nos días laborables.



### LUDI

Eran competicións e espectáculos organizados polas autoridades.



### FASTI


Era o calendario romano con festas e celebracións destacadas.

## Teatros e anfiteatros

Os principais espectáculos públicos do imperio romano celebrábanse en festas e conmemoracións organizadas polas autoridades ou polos candidatos a ocupar cargos políticos.


Nos teatros tiñan lugar representacións de comedias ou dramas, mentres que nos anfiteatros tiñan lugar “munera” e “venationes”, espectáculos nos que os enfrontamentos entre loitadores ou feras eran os protagonistas.

• Fai clic [aquí](#) para coñecer un teatro en Hispania. Despois sinala as partes do edificio na imaxe. Onde sentaban as autoridades? En que zona se facían as representacións? Canto medían as columnas da fronte escénica?



As loitas de gladiadores eran o espectáculo preferido polos cidadáns, tanto en Roma como nas provincias. Para albergalos construíanse anfiteatros como o que ves na imaxe. Obsérvaa e completa a descrición:

- O espectáculo tiña lugar na \_\_\_\_\_, que contaba con galerías subterráneas, \_\_\_\_\_, que conectaban coa \_\_\_\_\_. Tras un muro circular, atopábase o \_\_\_\_\_, que tiña algúns asentos reservados para as autoridades. O resto do público sentaba nas bancadas, ás que se entraba polos \_\_\_\_\_. Para as mulleres reservábase unha galería na parte máis alta, o \_\_\_\_\_. Para protexer aos espectadores do sol e da choiva lixeira usábase o \_\_\_\_\_.



1. Arena
2. Hipoxeo
3. Podium
4. Entrada á arena
5. Vomitorios
6. Matroneo
7. Velario

## Competicións e deportes

Os romanos tamén gozaban coas competicións deportivas, entre as que destacaban as carreiras de carros conducidos por aurigas. Celebrábanse nun edificio específico, o circo, que estaba provisto dunha pista elíptica ao redor da que corrían os carros. Aquí podes ver a recreación dunha destas carreiras.

- Os aurigas debían completar 7 voltas á pista para gañar. Nun circo cunha pista elíptica na que cada lateral mide 350 m, cantos km tería que percorrer cada carro? Se un auriga conseguise gañar mantendo unha media de 40 km por hora, canto tardaría en chegar á meta final?

Nas carreiras xeralmente participaban 4 equipos con acérrimos seguidores que adoitaban organizar apostas. Os aurigas gañadores recibían importantes recompensas e eran cumprimentados como heroes.



- \_\_ Fusta
- \_\_ Casco
- \_\_ Correas para ligarse ao carro
- \_\_ Túnica curta
- \_\_ Cincha
- \_\_ Palma da vitoria
- \_\_ Carro ou cuadriga
- \_\_ Mangas de coiro
- \_\_ Arreos e adornos

- Fíxate na imaxe dun auriga vencedor e completa co número que lle corresponde a cada elemento.
- Na antiga Roma tamén se practicaban outros deportes. Desde os primeiros anos do imperio ofrecíanse os “Actia” e os “Sebasta”, xogos nos que se incluían gran número de competicións deportivas. Ademais era posible practicar deporte en edificios públicos como as palestras, onde eran comúns os xogos de pelota. Fai clic na imaxe para saber máis.



## Un día divertido

Tamén nas cidades de provincia como Lucus Augusti se celebraban os espectáculos que vimos. Aínda que aquí non se atoparon restos dun teatro ou dun circo, si os hai noutras cidades hispanas como Emerita Augusta ou Tarraco.

Sabemos, iso si, que a antiga Lugo contaba con termas nas que relaxarse, recibir masaxes ou reunirse con amigos e coñecidos. Na imaxe podes ver un equipo de aseo imprescindible para as termas ou a palestra.



- Sabes onde están as termas de Lugo? En que século se construíron? Que outra construción romana está ao seu lado?
- Agora que coñeces a oferta de lecer durante o imperio romano saberías en que lugar se pode realizar cada actividade?

### ACTIVIDAD

- \* Asistir a unha carreira de cuadrigas.
- \* Quedar con amigos no "frigidarium".
- \* Facer atletismo con outros mozos ou mozas.
- \* Ver loitar o teu gladiador preferido.
- \* Ir cunhas amigas ao matroneo para ver unha "venatio".
- \* Ver un drama e facer un pícnic antes da representación.
- \* Bañarse e recibir unha masaxe relaxante.
- \* Apostar polo mellor auriga da tempada.
- \* Admirar a nova estatua do emperador no "proscenium".
- \* Asistir aos "munera" que organizou o gobernador da provincia.

### LUGAR

TEATRO

PALESTRA

CIRCO

ANFITEATRO

TERMAS

# Explora o pasado



Para atopar máis información sobre o tempo libre en época romana romano visita estas ligazóns:

[AS TERMAS EN HISPANIA](#)


[COMO ERA UN ANFITEATRO EN HISPANIA](#)

[RECONSTRUCCIÓN DO COLISEO ROMANO](#)

[TERMAS E DEPORTE EN GALLAECIA](#)

## A páxina web da Domus

Na nosa web vas poder atopar outras fichas... e moito máis!



A web da Domus do Mitreo lévate nunha viaxe a través do tempo para amosarche o pasado de Lugo. Nela podes atopar vídeos sobre o Lugo romano e descubrir como

se vivía nunha domus romana. Tamén podes coñecer o deus Mitra e ver a súa historia contada de xeito sorprendente. Prepárate para mergullarte na historia.

Como se chama a zona por onde se entra ao edificio? *Entrábase polo peristilo.*

En que sala estaba o vestiarío? A que temperatura estaba a piscina desta sala? *Estaba no frigidarium, que tina uns nichos para deixar a roupa e daba acceso a unha piscina a temperatura ambiente.*


Como se quentaban as termas? *Coentábanse grazas ao hipocaustum, un sistema que distribuía a calor resultante de queimar leña ou carbón.*

Cal era a sala máis amoblada? Que se facía nela? *O caldarium era a sala con máis mobles e coa decoración máis rica. Nela era posible mergullarse na piscina máis quente e recibir masaxes.*

Para que actividades se usaban as termas ademais do aseo? *As termas eran tamén un lugar de reunión onde divertirse ou pechar tratos de negocios.*

• Completa o nome das salas que faltan.

• Sinala as partes do edificio. Onde sentaban as autoridades? En que zona se facían as representacións? Canto median as columnas da fronte escénica? *As autoridades sentaban na orchestra, desde onde se vía mellor o proscaenium, que é onde se facían as representacións. As columnas da fronte escénica median máis de 16 metros de altura.*



*velario.*

• O espectáculo tina lugar na *arena*, que contaba con galerías subterráneas, *hipoxeo*, que conectaban coa entrada á arena. Tras un muro circular, atopábase o *podium*, que tina algúns asentos reservados para as autoridades. O resto do público sentaba nas bancadas, ás que se entraba polos *vomitorios*. Para as mulleres reservábase unha galería na parte máis alta, o *matroneo*. Para protexer aos espectadores do sol e da choiva lixeira usábase o *velario*.

• Nun circo cunha pista elíptica na que cada lateral mide 350 m, cantos km tería que percorrer cada carro? *Os carros percorrían 4,9 km en total (350x2=700 cada volta; 700x7=4900 m).*

• Se un auriga conseguise gañar mantendo unha media de 40 km por hora, canto tardaría en chegar á meta final? *Tardaría 7,35 minutos (4,9/40=0,12 horas; 0,12x60=7,35 minutos).*

• Fixate na imaxe dun auriga vencedor e completa co número que lle corresponde a cada elemento.

- |         |                    |                        |
|---------|--------------------|------------------------|
| 2 Fusta | 3 Tunica curta     | 5 Correas para ligarse |
| 8 Casco | 9 Cincha           | 6 Arreos e adornos     |
|         | 1 Palma da vitoria | 4 Mangas de coiro      |
|         |                    | 7 Carro ou cuadríga    |

• Sabes onde están as termas de Lugo? En que século se construíron? Que outra construción romana está ao seu lado? *As termas romanas están no moderno balneario de Lugo, xunto ao río Miño. Comezáronse a construír no século I a. C. Están preto da ponte romana.*

• Saberías en que lugar se pode realizar cada actividade?

- \* Asistir a unha carreira de cuadrígas. **CIRCO**
- \* Quedar con amigos no "frigidarium". **TERMAS**
- \* Facer atletismo con outros mozos ou mozas. **PALESTRA**
- \* Ver loitar o teu gladiador preferido. **ANFITEATRO**
- \* Ir cunhas amigas ao matroneo para ver unha "venatio". **ANFITEATRO**

- \* Ver un drama e facer un pícnic antes da representación. **TEATRO**
- \* Bañarse e recibir unha masaxe. **TERMAS**
- \* Apostar polo mellor auriga da tempada. **CIRCO**
- \* Admirar a nova estatua do emperador no "proscenium". **TEATRO**
- \* Asistir aos "munera" que organizou o gobernador da provincia. **ANFITEATRO**